



CIRCULAR 3/2018

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

II CAMPIONATO DE GALICIA DE LANZAMENTOS DE INVERNO cadete/sub16 e xuvenil/Sub 18

Estadio Pérez Gregorio (Lugo), 3 de febreiro do 2018

Art.1) A Delegación da F.G.A en Lugo organiza o **II Campionato de Galicia de Lanzamentos de Inverno para as categorías cadete/sub16 e xuvenil/18**, que terá lugar no Estadio Pérez Rivera o vindeiro sábado **día 3 de febreiro** do 2018.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas da categoría que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia*

Art.3) Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas, conseguidas durante a tempada 2016/17 ou 2017/18.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 30 de xaneiro do 2018.**

Art.5) Os atletas deberán retirar os seu dorsal ata 60 minutos antes do inicio da proba. A entrada à pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso à mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso à pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.6) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres de cada categoría. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7) Se hai 14 ou + participantes, pasarán á mellora as 3 mellores marcas de cada categoría así coma as 4 seguintes mellores marcas independentemente da categoría.



Se hai menos de 14 participantes, pasarán á mellora as 3 mellores marcas de cada categoría así coma as 2 seguintes mellores marcas independentemente da categoría.

Art.8) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles

Art.9)HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1hora e 30 minutos antes.

Art.10) HORARIO (provisional). O horario definitivo publicárase en función dos inscritos o mércores anterior à proba

10.30h- Martelo feminino
11.45h- Xavalina feminina
13.00h- Disco feminino
16.30h- Martelo masculino
17.45h- Xavalina masculina
19.00h- Disco masculino

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direcciontecnica@atletismo.gal), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2017/2018), R.F.E.A. e I.A.A.F.

A Coruña, a 5 de xaneiro de 2018

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA